

A Educación Infantil é unha etapa que, aínda que non é obrigatoria, sen embargo, escolarízanse a maioría dos/das nenos e nenas de 3 a 5 anos.

Esta nova etapa ten unha función educativa fundamental. A escola, non é un lugar para que o neno ou a nena sexa atendido mentras a familia traballa, senon que se trata dunha institución educativa.

A finalidade principal é desenvolver competencias básicas nestas idades, como **a comunicación, a psicomotricidade, o desenvolvemento cognitivo, as relacións sociais e a adquisición de hábitos de autonomía personal.**

O profesorado de Educación Infantil está formado por profesionais da Educación. Realizaron estudos universitarios que os cualifican, tiveron que superar probas e exames para acceder a esta praza. Polo que, **a súa opinión, os consellos e orientacións que vos faciliten, deben de ter un peso moi relevante:** veñen dun profesional especializado e non se poden equiparar nin ao parecer de amigos e familiares que non son expertos, nin a calquer outro tipo de opinións que poidan atoparse na Internet.

Por outro lado, debes ter en consideración que o/a voso/a fillo ou filla non está só/sóa. Na súa aula e no centro hai moitos máis nenos/as, e por iso, é necesario establecer unhas **normas. Respetade os horarios de entrada e saída, e aquelas que se establezan respecto a roupa que deben traer, o material...**

Ademáis, o respecto das normas será un exemplo positivo para o voso/a fillo ou filla. Se os pais non cumprides as normas...Cómo llas imos esixir aos nenos?

A asistencia á escola pode ser o momento idóneo para que a familia dende o fogar, colabore e potencie unha serie de hábitos axeitados: **alimentarios, de sono, de autonomía personal, control de esfínteres e o seu comportamento en xeral.**

A escola colabora ca familia na súa labor educativa. **Non esquezades: A responsabilidade de educar é vosa como pais e nais, a escola é só colaboradora.**

Será moi importante manter unha boa relación cos/cas titores/as da escola, xa que estes serán os seus referentes.

É necesario que, en todo momento, informedes ao centro daqueles aspectos do voso/a fillo/a que poidan ser relevantes para o contexto escolar: **Alérxias, problemas de saúde, intolerancias alimenticias ou necesidades educativas especiais.**

Se fose necesario, tedes **a obriga de informar de situacións legais de custodia, patria potestade, órdes de alexamento ou similares** para que o colexio adopte as medidas oportunas.

O centro conta cunha orientadora que tamén pode asesorar na vosa labor educativa e no desenvolvemento do voso/a fillo/a .

Xa comezo a Educación Infantil !

